

**11/05/16**  
**CONSELLO PARROQUIAL**  
**STA. MARÍA DE XEVE**

A concelleira delegada da parroquia Pilar Comesaña reúne cos membros do consello parroquial de Santa María de Xeve para presentar as vindeiras obras a realizar na parroquia, así como para recoller novas propostas.

Pilar Comesaña presenta as obras que comenzarán na parroquia:

- Anchar pista e construción de muro nos Fontáns
- Anchar camiño e construción de muro na Costiña de Xeve
- Construción de cuneta en Cons
- Colocación de pedra no cemiterio

Os asistentes teñen a seguinte orde do día:

1. Pista de Maunzo
2. Campo de fútbol
3. Novas propostas
4. Bacheo de varias zonas
5. Varios

### **1.- Pista de Maunzo**

Obra prioritaria tanto para o consello parroquial como para o Concello. Será a vindeira obra importante a realizar na parroquia. Farase un bacheo nas vindeiras datas á espera da redacción do proxecto. Farase unha reunión cos veciños cando se fagan as medicións.

- Construción de muros de sostemento
- Arranxo de cunetas
- Asfaltado
- Calmado de tráfico
- 

### **2.- Campo de fútbol**

Os arquitectos entregan a vindeira semana os proxectos tanto do campo de fútbol de Santa María como o de Cerponzóns.

### **3.- Novas propostas**

Os asistentes proponen á concelleira novas obras a incorporar ao plan de parroquia

- Acondicionamento de pista do Peón (aproximadamente 500 metros)
- Ponte peonil sobre o río Fontáns no Brazal. Pilar Comesaña infoma que habería que contar con Augas de Galicia polo que insta aos veciños a que pidan permiso como consello parroquial, alegando que o Concello estaría disposto a facer a obra.
- Repoñer a tubería da fonte da “Rañala”. Esta rodeada de canas indias dunha propiedade anexa que son as que están danando as tuberías da fonte.
- Habería que ver si a fonte está catalogado como municipal, se é así o Concello

acometería a obra, senon só podería facer aporte de material.

•

#### **4.- Bacheo**

- Maunzo
- Camiño de Rego de Maceira aos Fontás
- Camiño de Cardabouzas da Iglesia
- Pista detrás das 4 columnas
- Pista Frieiro a Gondar
- Pista Frieiro a casa Lamela
- Pista de Couso a Gatomorto

#### **5.- Varios**

Faise achega doutras peticións

- Colocación de sinais de animais soltos nos lugares de Cardabouza, A Rañada e na estrada que vai ao Pontillón do Castro
- Colocación de sinal de “camiño sen saída” na zona do Brazal (onde se solicita a construción da ponte peonil)
- Arranxo fonte da igrexa: a vindeira semana veñen os técnicos municipais a vela
- Cambio de pechaduras na casa de cultura
- Arranxos varios na pista deportiva detrás no antigo Concello: uralitas, pluviais, canastas, rexillas
- Rexillas de recollida de augas por diante do edificio do Concello Vello. Está en marcha un acordo coa Deputación para arranxar toda a estrada: construción de cunetas, ensanchado onde sexa posible, asfaltado e calmado de tráfico.